

NO DIA DE GALICIA

Outro ano. —e xa van moitos—, dende o exilio, diriximónos con verbas serias i estremecidas, como corresponde a nosa responsabilidade, ós galegos do mundo enteiro e moi sinificativamente os que moran dentro da Terra Nai.

Aseguímos aterecidos, de friaxe e de medo, na longa noite de pedra, que dixera o poeta. Séculos de aldraxe cruel flaxelaron o lombo do noso pobo e nos derradeiros trinta anos o colonialismo económico, político e cultural que padecemos historicamente o noso país espetouse nas entrañas con sinos dramáticos.

Doinos moito presentar unha situación pesimista, encol dos problemas do noso pobo. Ora ben, nos somos unha entidade de novo cuño, sin festas, nin beneficencias, nin cemiterios, nin concursos, nin mitificacións históricas, e polo mesmo dentro da nosa paisaxe cultural, no mais amplo senso da cultura, temos que prantexar as custións coa concentración mental que eisixe o intre crucial, xa que somos dunha terra diferenciada e vivimos nun tempo determinado.

Apesares das estadísticas de botafumeiro, e do rosiñol do turismo, a verdade é que agonizamos nunha vivencia de esperpento.

Podíamos refrexar, avantando balados, nun espello cóncavo, unhas cantos acontecementos que demosan a nosa tesis crítica de desfeita.

- a).—Aseguímos vivindo, anguriados, de duas trampas pasaxeiras: o turismo parvo ia emigración espantabel.
- b).—Inútil falar de industrialización, pois apesares dos índices que se amosan en comparanza con cualquier outro país subdesenvolado ficamos por embaixo, ia proba axiomática son os continxentes da emigración masiva pra cualquier lugar do mundo, onde atopen un anaco de pan mollado i un refugallo de liberdade.
- c).—O conto do agro sería risibel, senon fora tráxico, pois a técnica agrícola, aterrece no mais ridículo estatismo, apesares das concentracións parcelarias fracasadas e outras parolas de fiadeiro polo estilo.
- d).—A lingua atinguíu un neo-snobismo, empregado agora por us poucos señoritos, que precuran presentala como respetada, permitindo algunhas misas en galego e algús libros e artigos, mais ou menos literarios e xeralmente sobor de custións intrascendentes. Aínda que vinte “persoaxes” no derradeiro ano, se adiquen a falar na nosa lingua, con certa ironía, a situación atullase do mesmo xeito: o castelán imposto na escola, na Universidade, nos tribunales, na imprensa, na radio, na televisión, etc., etc., e por moitas frores que lle adiquen os pseudo-sicólogos do sistema político aital a verdade é que sigue sendo un idioma desprezado, e somentes defendido, impracabel e victoriosamente, polo pobo traballador e polos intelectuales que se comprometen con iste pobo traballador.
- e).—A emigración continua sendo a praga espantabel que nos esnaquiza, ias divisas que chegan o país, a conta dela, están amasadas na fame, no medo e no sono. Chega o drama a tal mañitude que se establecen escolas de preparación pros emigrantes como si a nosa xentiña, mulleres e homes, non tiveran ren que faguer na sua terra fermosa, rica i esquencida.
- f).—Doutra banda os mais patrianos fillos da nosa terra, atopanse na cadea ou son persistentemente aguilloados polos estamentos represivos, que refinaron os seus procedimentos de atosigamento prós cidadans honrados e pacíficos, que ancean a liberdade ia paz. Aumenta, data a data, o número de presos políticos por delitos inconcebibles: propaganda de ideas democráticas, defensa da cultura diferenciada de Galicia, reclamar un anaco de pan mais brando pros fillos e pedilo pacificamente, manifestar o desacordo coas rancias estreitoras económico-políticas dun Estado carcomido e policíaco, e tamén —cousa totalmente inconcebible— condenas a cadea polo sempre e maravilloso delito de pensar.

Como resume sinxelo, dista fenestra fantasmal, podíamos sintetizar: pobos desertos, terras ermas, loito e tristura nos sembrantes, desfeita da familia, ducias de tolos berrando polos camiños a nosa perdición, traumas da ausencia forzosa sin agarimo, complexos de inferioridade social en todolos ordes, abafamentos de medo persistente dende a nenez, tateas de inferioridade na espresión fomentadas por nuha escola allea, espantallos de xerarquías feudales afastadas do pobo, millós de galegos laiando ná emigración e outros, ná terra, preparando os fardelos, ios cartiños, pra “rondar”. Sería interminabel a relación de mataduras e mágoas.

Ora ben, todo iste panorama de traxedia grega, pretendese tapar cús cantos rascaceos, coa boandanza bancaria e daís caixas de aforro sin emprego eficaz, coa exportación da eletricidade como se foran sardiñas, con concursos da canción comercializada, coa evasión dos intelectuales desclasados que cumpren o seu papel de servidores da pauliña, mitificando a batalla de Ponte Sampayo, poñamos por caso, ou a poesía imperecedeira dos Cancoiros, mentras o poeta mais outo de Galicia, Celso Emilio Ferreiro, fica desterrado e os mais esgrevios escritores e poetas da nosa terra atopanse amordazados e mallados.

Mais non todo é pesimismo e desesperanza. E necesario apresentar os feitos ouxetivamente prá, nidio o análise, atopar os vieiros que podían levarnos as cumes da liberación nacional.

O pobo atesora forzas cicrópeas, que en definitiva findan por derrubar toda crase de pauliñas. Velehí, porque podemos sinalar tamén, como ecuación política diste ano, algús feitos importantes que teiman nos anceios do noso pobo, en todolos estamentos sociais, por diñificar a patria e por findar cos grillons que o afrixen dende a lumieira dos Hirmandiños. Velehí logo algunhas custións que deben ser tidas en conta:

- a).—Os labregos de Ourense non pagan ás gabelas, que lle imponen drásticamente, e son apoiados pola poboación, casique totalmente.
- b).—Mariñeiros das rías, que protestan barudamente, pois as suas leiras de praia onde pescaban un anaco de pan acedo, son vendidas a novos señores feudales.
- c).—Documentos impresos que chegan o noso poder, eisprican a constitución de amplias Comisiós obreiras, campesiñas e de solidaridade cos presos políticos.
- d).—Praxis, cada data mais exemprar, de núcreos de intelectuales que se comprometen decididamente en defensa do pobo e da nación.
- e).—Os colexios de profesionales, comprometidos tamén, ná causa da xusticia social e da liberdade.
- f).—A posición de centos de mestres, nó insino afervoadado do galego ná escola primaria.
- g).—Os aitos de solidaridade en Galicia —encerros, protestas, etc.—, co pobo vasco que despertou un poderoso movemento internacional en favor dos patrianos da ETA perante o tristemente famoso proceso de Burgos.
- h).—A comprensión cada vez mais eistensa, e mais profunda, dos problemas da Nación e do Estado, do nacionalismo e do internacionalismo, da cultura propia e da cultura universal e fundamentalmente do dereito inalienabel de pobos e naciós a sua autodeterminación.

Descasí istes feitos valiosos e sinificativos non son abondosos, pois é perciso intensificar, polo estudio, polo análise, en definitiva pola loita, as labours pra salvación da terra e da nación, en perigo de desaparecer como tal, e ser afundida definitivamente na escuridade da cultura da probeza, subculturados no esquecemento, na incomprensión, no aldraxe e no martirio.

Polo tanto, e polo mesmo, sería moi comenente realizar dunha vegada, o avencellamento e unidade imprescindibeles de todolos patrianos galegos, dentro e fora do país, dos cinco millós de cidadans dunha nación que pula por conquistar os seus dereitos. Traballadores da terra, da fábrica e do mar, a crase media dimtida, os profesionales e intelectuales, os valentes estudantes, os cregos progresistas, os emigrantes probes e ricos, deben matinar nistas custións prá conquistar unha praxis valedeira.

E indispensabel findar ca confusión trapalleira. Os erros poden reitificarse e somentes se cometen traballando. A confusión é unha neboeira, que debilita a acción i esmorece o desexo de labourar.

E indispensabel tamén, afastar os berrecallos, os furafollas os snobistas, os teorizantes que chamandose ultrainternacionalistas afoganse co concepto de autodeterminación nacional, única maneira de ser universal, os reaccionarios que enchen a boca de patacas furadas falando da patria e son antipatriotas por dereito propio, e limpan o suor de folgazás falando da civilización cristiana e occidental.

Reitesiamos que a única maneira democrática, progresista, avanzada, de integrarse con todolos pobos hispánicos, con Europa, co Universo e co Cosmos, é percisamente polo principio de autodeterminación. O noso pobo ten dereito a autodeterminarse na forma que queira, e conquistar a liberación nacional, e aínda constituirse en Estado que se integre coas Hespañas e co mundo enteiro en irmandade cabal. Falar de separatismo e de arredismo e unha parvada, xa que os separatistas son sempre os colonizadores e non os colonizados. Doutra banda refugamos falar da monarquía inminente, porque representa un zarapallada irrisoria.

Con amore entrañabel, coa responsabilidade mais meditada, con irmandade imperecedeira, chamamos a totalas organizacións e individuos da emigración infunda pra constituir *unha permanencia* de avencellamento e axudar diste xeito barudamente, a liberación cultural da Terra, co propósito de que ista axuda se proieite consistentemente, data a data, sobor de Galicia a *eterna nai*, que decote e quen conta, quen eisixe, quen demanda, quen premia a quen castiga. Descasí o noso chamamento afervoadado vai dirixido limiarmente os irmans da Terra ias novas xeneraciós de mozos patrianos coa concencia en proceso socio-político axeitado, pra desfaguer ou coutar o nó das nosas pexas históricas.

O escomenzar a década de 1971 irmans galegos do país e da emigración [saúde e boandanza], na mente e na praxis, con fondas apertas denantes, agora, dispois e sempre.

SEUS E DA TERRA
O PADROADO DA CULTURA GALEGA DO MEXICO

México, D. F. Día de Galicia 1971.